

INFORMACIÓN ACADÉMICA PARA 2º ESO

Organización do 3º curso da ESO

En **3º ESO** hai que **elixir entre as Matemáticas Académicas e as Matemáticas Aplicadas**, e aínda que non é vinculante para escoller o itinerario de 4º ESO, cada unha das opcións está máis orientada a uns estudos ou a outros.

Así pois, a **opción de Ensinanzas Académicas** (con Matemáticas Académicas) está **dirixida** a cursar estudos de **Bacharelato** e a **opción de Ensinanzas Aplicadas** (con Matemáticas Aplicadas) está orientada a cursar estudos de **Formación Profesional de Grao Medio**.

Materias troncais	Materias xerais	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bioloxía e Xeoloxía ▪ Física e Química ▪ Xeografía e Historia ▪ Lingua Castelá e Literatura ▪ Lingua Galega e Literatura ▪ 1ª Lingua Estranxeira: Inglés
	Materias de opción	<p>Elixir unha opción:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas ○ Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas
Materias específicas	Obrigatorias	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Educación Física ▪ Música ▪ Tecnoloxía ▪ Educación Plástica, Visual e Audiovisual
	Materias de opción	<p>Elixir unha entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Relixión ○ Valores Éticos <p>Elixir unha entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ 2ª Lingua Estranxeira: Francés/ Portugués ○ Cultura Clásica
Titoría		1.Titoría

Organización do 4º curso da ESO

Os alumnos/as poderán escoller cursar 4º curso de ESO por unha das dúas opcións:

- **Opción de ensinanzas académicas para a iniciación ao Bacharelato.**
- **Opción de ensinanzas aplicadas para a iniciación á Formación Profesional de Grao Medio.**

		Opción de ensinanzas académicas	Opción de ensinanzas Aplicadas
Materias troncais	Materias xerais	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xeografía e Historia ▪ Lingua Castelá e Literatura ▪ Lingua Galega e Literatura ▪ Matemáticas Académicas ▪ 1ª Lingua Estranxeira: Inglés 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xeografía e Historia ▪ Lingua Castelá e Literatura ▪ Lingua Galega e Literatura ▪ Matemáticas Aplicadas ▪ 1ª Lingua Estranxeira: Inglés
	Materias de opción	<p>Elixir dúas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Bioloxía e Xeoloxía ○ Física e Química ○ Economía ○ Latín 	<p>Elixir dúas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ CC Aplicadas á Actividade Profesional ○ Iniciación á Actividade Emprend. e Empresarial ○ Tecnoloxía
Materias específicas	Obrigatori a	1.Educación Física	
	Materias de Opción	<p>Elixir unha:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Relixión ○ Valores Éticos <p>Elixir dúas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Cultura Científica ○ Cultura Clásica ○ Educación Plástica, Visual e Audiovisual ○ Filosofía ○ Música ○ 2ª Lingua Estranxeira: Francés/ Portugués ○ Tecnoloxías da información e a Comunicación ○ Tecnoloxía (só para opción Ensinanzas Académicas) 	
Titoría		1.Titoría	

Promoción e repetición na ESO

Os alumnos/as promocionarán de curso cando superen todas as materias ou teñan avaliación negativa nun máximo de dúas materias, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas que sexan simultaneamente Lingua Galega ou Lingua Castelá e Matemáticas.

De forma excepcional poderá autorizarse a promoción dun alumno/a con avaliación negativa en tres materias suspensas cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

- a) Que as dúas materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega ou Lingua Castelá e Matemáticas.
- b) Que a natureza das materias con avaliación negativa non impiden ao alumno/a seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción é beneficiosa para a súa evolución académica.
- c) E que se apliquen ao alumno/a as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da ESO consideraranse como materias distintas.

O alumno/a que non promocioe deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Poderase repetir un vez o mesmo curso e dúas veces como máximo na etapa.

Para obter o título de Graduado en ESO será necesario ter avaliación positiva en todas as materias, ou ter un máximo de dúas materias suspensas, sempre que estas non sexan simultaneamente Lingua galega ou Lingua Castelá e Matemáticas.

Excepcionalidade deste curso 2019/20:

Este curso 2019-2020 por mor da suspensión das actividades lectivas dende o 14 de marzo de 2020, e de xeito excepcional, é posible promocionar de curso con máis de 2 materias suspensas sempre que a xunta de profesores considere que o alumno/a ten acadadas as competencias básicas e a madureza necesaria para continuar con aproveitamento no seguinte curso escolar.

Avaliación e cualificación do alumnado: a avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas no 3º trimestre, sempre e cando beneficie ao alumno/a. A avaliación das actividades realizadas na fase non presencial (3º trimestre) só poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.

A promoción de curso será a norma xeral, considerándose a repetición de curso unha medida moi excepcional, que non poderá estar baseada unicamente no número de materias suspensas, senón en función de que o alumno/a acade os obxectivos e as competencias claves da etapa. A decisión de promoción pódese adoptar tanto na avaliación ordinaria de

xuño como na extraordinaria de setembro, sempre tendo en conta o que resulte máis conveniente para o alumno/a, en relación ao mellor aproveitamento do seguinte curso.

No caso de promocionar con materias suspensas haberá que recuperalas no curso seguinte, seguindo o correspondente programa de reforzo que estableza o profesor de cada materia.

Importancia do traballo realizado no 3º trimestre:

O traballo feito no terceiro trimestre non será avaliado do mesmo xeito que a avaliación presencial do primeiro e segundo trimestres e servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final. Isto quere dicir que servirá para mellorar a cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación.

As materias non superadas da primeira e/ou da segunda avaliación poderán recuperarse co traballo e as probas que se poidan facer durante este terceiro trimestre.

Consello Orientador

Ao finalizar cada un dos cursos da ESO entregárase aos pais/nais/titores legais de cada alumno/a un consello orientador, que incluíra unha proposta do itinerario máis adecuado a seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao do logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta.

Se se considerase necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais/nais/titores legais sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento ou a un ciclo de Formación Profesional Básica. O consello orientador incluírase no expediente do alumno/a.

Medidas organizativas e curriculares para a atención á diversidade

Para que os centros poidan atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, contéplanse unha serie de medidas organizativas, curriculares e de atención á diversidade, como son:

- Reforzos educativos, Apoios, Adaptacións do currículo, Desdobres, Agrupamentos flexibles.
- Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR).
- Programas de Formación Profesional Básica (FPB).
- Educación Secundaria de Adultos (ESA).
- Proba de acceso a ciclos de Grao Medio.

Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR)

Os Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR) constitúen unha medida de atención á diversidade que poden desenvolverse a partir de 2º ESO.

Estes programas irán dirixidos preferentemente a aqueles alumnos/as que presenten dificultades relevantes de aprendizaxe non imputables a falta de estudo ou esforzo.

O equipo docente poderá propoñerlle aos pais/nais/titores legais a incorporación a un PMAR aos alumnos/as que repetisen cando menos un curso en calquera das etapas e se atopen nalgún dos seguintes casos:

- Que unha vez cursado o 1º curso de ESO non estean en condicións de promocionar ao 2º curso.
- Que tras repetir 1º curso de ESO non estea en condicións de promocionar ao 2º curso.

Nestes casos o programa desenvolverase ao longo dos cursos 2º e 3º.

-Que unha vez cursado 2º curso non estean en condicións de promocionar a 3º, tendo repetido en Primaria ou en 1º ESO.

-Que tras repetir 2º ESO non estean en condicións de promocionar a 3º.

-Con carácter excepcional, que tras cursar 3º ESO non estean en condicións de promocionar a 4º, sen ter repetido ou tendo repetido unha vez na etapa.

Nestes tres casos o programa desenvolverase ao longo de 3º curso.

A incorporación do alumnado a un PMAR requirirá a avaliación tanto académica como psicopedagóxica, a través do informe do equipo docente e do ditame emitido polo departamento de orientación, e realizarase unha vez oídos os propios/as alumnos/as e os seus pais/nais/titores legais.

Nos PMAR utilizarase unha metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas, materias diferentes, coa finalidade de que os alumnos/as poidan cursar o 4º curso pola vía ordinaria e obteñan o Título de Graduado en ESO.

Formación Profesional Básica

A FPB son ciclos formativos de formación profesional que están dirixidos ao alumnado entre de entre 15 e 17 anos, en risco de abandono escolar e que non posúe o título de Graduado en Educación Secundaria. Teñen unha duración de 2000 horas ou 2 cursos académicos.

Os requisitos de acceso a unha FPB son os seguintes:

- Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
- Ter cursado o 3º curso de ESO ou, excepcionalmente, ter cursado o 2º curso.
- Ser proposto/a polo equipo docente.
- Consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais.

O alumno/a que supere os módulos asociados ás unidades de competencia profesionais obterá o título profesional básico correspondente á familia profesional cursada, con valor académico e profesional e con validez en todo o territorio español. Este título profesional básico permite o acceso á Formación profesional de Grao Medio.

Ademais poderá obter o Título de Graduado en Educación Secundaria se supera os módulos formativos comúns académicos (módulo de comunicación e sociedade e módulo de ciencias aplicadas) e sempre e cando o equipo docente considere que ten as competencias básicas da ESO.

No pasado curso, o calendario de inscrición para cursar un ciclo de FPB foi do 1 ao 12 de setembro, a continuación publicouse a listaxe de admitidos e logo abriuse o período de matriculación do 13 ao 20 de setembro.

Os ciclos de FP Básica que se ofertan son os seguintes:

Familia Profesional	Ciclo de FP Básica
Administración e Xestión	Servizos Administrativos
Agraria	Agroxardinaría e composicións florais Actividades agropecuarias Aproveitamentos forestais
Artes Gráficas	Artes gráficas
Comercio e Márketing	Servizos comerciais
Electricidade e Electrónica	Electricidade e electrónica Instalacións electrotécnicas e mecánica
Edificación e Obra Civil	Reforma e mantemento de edificios
Fabricación Mecánica	Fabricación e montaxe Fabricación de elementos metálicos
Hostelería e Turismo	Cociña e restauración Aloxamento e lavandaría Actividades de panadería e pastelería
Informática e Comunicaciós	Informática e comunicacións Informática de oficina
Imaxe Persoal	Peiteado e estética
Industrias Alimentarias	Industrias alimentarias
Madeira, Mobre e Cortiza	Carpintería e moble
Marítimo-Pesqueiras	Actividades marítimo-pesqueiras
Servizos Socioculturais e á Comunidade	Actividades domésticas e limpeza de edificios
Téxtil, Confección e Pel	Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel Tapazaría e cortinaxe
Transporte e Mantemento de vehículos	Mantemento de vehículos Mantemento de embarcacións deportivas e de recreo
Vidro e Cerámica	Vidraría e olaría

A EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS (ESA)

A ESA vai dirixida ás persoas maiores de 18 anos, aínda que excepcionalmente poderán cursala tamén as persoas maiores de 16 anos que teñan un contrato de traballo.

Organízase en módulos de duración cuatrimestral, tendo cada un tres campos de coñecemento: ámbito de comunicación, ámbito de sociedade e ámbito científico-tecnolóxico.

Dependendo do nivel previo do alumno/a poderá cursarse nun curso escolar ou en 2.

QUE ESTUDOS SE PODEN FACER AO REMATAR A ESO

O Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria permite acceder a:

- Ao Bacharelato.
- A ciclos de Grao Medio de Formación Profesional.

O BACHARELATO

É a última etapa da Educación Secundaria, non é obrigatoria e a súa duración é de dous cursos, normalmente entre os 16 e os 18 anos.

Dura 2 cursos académicos. Poderás permanecer escolarizado durante catro cursos académicos.

Poderás escoller entre tres modalidades diferentes:

- Ciencias;
- Humanidades e Ciencias Sociais;
- Artes.

Na modalidade que escollas cursarás materias de tres tipos: troncais (xerais e de opción), específicas e de libre configuración.

Co Título de Bacharelato podes acceder a:

- Carreiras universitarias: títulos de grao.
- Ciclos Formativos de Grao Superior de Formación Profesional.
- Estudos Superiores de Ensinanzas de Réxime Especial:
- Outros estudos: estudos militares, forzas de corpos de seguridade, bombeiro, piloto, etc.

A FORMACIÓN PROFESIONAL

A Formación Profesional estruturase en Ciclos Formativos de Grao Medio e de Grao Superior. Teñen unha duración de 2000 horas, que corresponden a dous cursos académicos. A finalidade da Formación Profesional é a preparación do alumnado para a actividade nun campo profesional e a súa capacitación para o desenvolvemento cualificado das diferentes profesións.

Cada Ciclo formativo comprende unha serie de módulos. Son as áreas ou materias de contido teórico e práctico que terías que estudar. Cada ciclo ten os seus módulos, que están relacionados coa profesión que se estuda e tamén ten uns módulos que son comúns a

todos os ciclos: FOL (Formación e Orientación laboral), RET (Relacións no contorno do traballo), FCT (Formación en Centros de Traballo).

Na actualidade en Galicia existen as seguintes familias profesionais cos seus respectivos ciclos de grao medio:

Familias profesionais	Ciclos formativos de grao medio
Agraria	Producción agrotecnolóxica Producción agropecuaria Xardinaría e floraría Aproveitamento e Conservación do Medio Natural
Actividades Físico-deportivas	Condución de actividades físico-deportivas no medio natural
Artes Gráficas	Preimpresión dixital Impresión en artes gráficas
Marítimo Pesqueiras	Operacións subacuáticas e hiperbólicas Mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións Cultivos acuícolas Navegación e pesca de litoral
Administración e Xestión	Xestión administrativa
Comercio e marketing	Actividades comerciais
Imaxe e Son	Vídeo Disc-jokey e son
Edificación e Obra Civil	Obras de interior, decoración e rehabilitación
Electricidade e electrónica	Instalacións eléctricas e automáticas Instalacións de telecomunicacións
Fabricación mecánica	Mecanizado Soldadura e caldeiraría
Hostelería e Turismo	Cociña e gastronomía Servizos en restauración
Imaxe persoal	Estética e beleza Peiteado e cosmética capilar
Industrias alimentarias	Aceites de oliva e viños Elaboración de produtos alimentarios Panadería, repostería e confeitaría
Informática e Comunicaci3ns	Sistemas informáticos en rede
Instalaci3n e Mantemento	Mantemento electromecánico Instalaci3ns frigoríficas e de climatizaci3n Instalaci3ns de producci3n de calor
Madeira, Moble e Cortiza	Carpintería e moble Instalaci3n e amoblamento
Transporte e Mantemento de Vehículos	Carrozaría Electromecánica de vehículos autom3viles
Química	Operaci3ns de laboratorio
Sanidade	Coidados auxiliares de enfermería Farmacia e parafarmacia
Servizos Socioculturais e á Comunidade	Atenci3n á persoas en situaci3n de dependencia
Téxtil, Confecci3n e Pel	Confecci3n e moda
Seguridade e Medioambiente	Emerxencias e protecci3n civil

MODELO DE IMPRESO DE MATRÍCULA

3ºESO

- Lingua Castelá e literatura
- Lingua Galega e literatura
- 1º Lingua Estranxeira Inglés
- Xeografía e Historia
- Física e Química
- Bioloxía e Xeoloxía
- Música
- Tecnoloxía
- Educación plástica e visual
- Educación física

Materias de opción

Escoller unha

- Matemáticas Orientadas as Ensinanzas Académicas
- Matemáticas Orientadas as Ensinanzas Aplicadas
(Non limita a opción a escoller en 4º da ESO)

Cultura Clásica

Escoller unha

2ª Lingua Estranxeira*

Francés

Portugués

Relixión

Escoller unha

Valores Éticos

* Poderase cambiar de 2ª Lingua Estranxeira facendo unha proba de nivel ao inicio do curso